



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2025/X999/000255

### Exame Fase de Oposición

#### **EXAME TIPO TEST CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA ANIMADORES/AS DEPORTIVOS/AS DO CONCELLO DE FISTERRA-2025 (4 PUNTOS)**

##### **1.- As funcións da Actividade Físico- recreativa son:**

- a) Recreativa, social, educativa e utilitaria.
- b) Función educativa, función recreativa e función de rendemento.
- c) Función educativa, función recreativa e función de competición.
- d) Función de rendemento e función de competición.

##### **2.- Na fase de volta á calma dunha sesión con persoas maiores pódense realizar:**

- a) Exercicios respiratorios
- b) Exercicios de relaxación
- c) Exercicios de elongación muscular
- d) Todas as respostas son correctas

##### **3.- ¿Cal destas tarefas específicas non corresponde á organización dun evento deportivo?**

- a) Memoria final
- b) Rehabilitación xeral
- c) Seguridade: caixas de primeiros auxilios, contacto con primeiros auxilios.
- d) Traslado de material e equipamento á instalación

##### **4.- O "Test de Cooper" consiste en percorrer a máxima distancia durante:**

- a) 5 minutos
- b) 10 minutos
- c) 12 minutos
- d) 30 minutos



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 5.- ¿Que avalía o test de "Course Navette"?

- a) A velocidade de reacción.
- b) A resistencia
- c) A flexibilidade estática.
- d) A forza

### 6.- A oferta de instalacións deportivas locais a clubs e particulares é competencia de:

- a) As Entidades Locais
- b) Os clubs
- c) As Asociacións
- d) As Federacións

### 7.- ¿A que idade temos a máxima capacidade para realizar tantos esforzos aeróbicos como anaeróbicos?

- a) De 16 a 22 anos
- b) De 22 a 30 anos
- c) De 30 A 40 anos
- d) a partir de 40 anos

### 8.- ¿Cal destas actividades físicas é menos apropiada para persoas da terceira idade?

- a) Natación.
- b) Montar en bicicleta.
- c) Atletismo.
- d) Pilates



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **9.- Unha política deportiva municipal baseada na centralización dos servizos equivale a:**

- a) Xestión indirecta
- b) Concerto
- c) Xestión directa
- d) Xestión interesada

### **10.- ¿Qué clubs deportivos pertencen o Concello de Fisterra?**

- a) S.D.Fisterra
- b) Futsal Fisterra
- c) Club Nautico Fisterra
- d) Todas son correctas

### **11.- ¿Qué instalación deportivas non pertencen o Concello de Fisterra?**

- a) Campo de Fútbol Arasolis
- b) Parque Biosaudable
- c) Pista de padel
- d) Todas pertencen o concello

### **12.- ¿Que deporte non se pode practicar no pavillon municipal?**

- a) Futsal
- b) Baloncesto
- c) Badminton
- d) Hockey sobre patins

### **13.- ¿Que actividades deportivas se celebran no Concello de Fisterra?**

- a) Trail o faro
- b) Travesía náutica.
- c) Torneo de fútbol praia
- d) Todas son correctas



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 14.- ¿Qué significa RIDEGA?

- a) Revisión de instalacións deportivas de Galicia
- b) Rexistro de instalacións deportivas de Galicia.
- c) Remodelación de instalacións deportivas de Galicia.
- d) Todas son falsas.

### 15.- O programa da Xunta que ten como obxectivo promocionar o deporte en Idade Escolar:

- a) Programa Xogade.
- b) Programa Deporte Escolar.
- c) Programa A+D.
- d) Programa Deporte na Escola.

### 16.- Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cas administracións públicas:

- a) Para realizar trámites únicamente de carácter urbanístico
- b) Para realizar trámites únicamente de carácter fiscal e tributario.
- c) Para realizar calquera trámite de un procedemento administrativo.
- d) Só as persoas físicas están obrigadas a relacionarse cas administracións públicas a través de medios electrónicos.

### 17. Conforme ao artigo 47 da Lei de Bases de Réxime Local require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais :

- a) A alteración do nome e da capitalidade do concello.
- b) A aprobación do orzamento municipal.
- c) A aprobación das ordenanzas fiscais
- d) Todas son correctas.

### 18.- De conformidade co artigo 22 da Lei de Bases de Réxime Local é competencia do Pleno:

- a) Representar ao concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- c) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.
- d) Exercer a xefatura da Policía Municipal.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 19.- Sinala a resposta correcta. Que norma legal regula o Estatuto de Autonomía para Galicia?.

- a) Lei Ordinaria 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- b) Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- c) Real Decreto Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- d) Real Decreto Lexislativo 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.

### 20.- Segundo o artigo 66 da Constitución Española de 1978, as Cortes Xerais:

- a) Están formadas polo Congreso dos Deputados.
- b) Están formadas polo Congreso dos Deputados e polos parlamentos autonómicos.
- c) Están formadas polo Congreso dos Deputados e polo Senado.
- d) Están formadas polo Congreso dos Deputados, polo Senado e polo Tribunal Constitucional.

## PREGUNTAS DE RESERVA

**R1.** Sinala a resposta correcta. Segundo o artigo 2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

- a) A presente lei ten por obxecto promover a seguridade e a saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos derivados do traballo.
- b) A presente lei ten por obxecto establecer un procedemento de inspección para facilitar a resolución de conflitos entre a administración e os empregados públicos.
- c) As respostas a) e b) son falsas.
- d) As respostas a) e b) son verdadeiras

**R2.** Sinala a resposta correcta. Segundo o estatuto de autonomía de Galicia, ¿en cal das seguintes materias non ten competencia exclusiva a Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) Urbanismo e vivenda.
- b) Ordenación do sector pesqueiro
- c) A ordenación do territorio e o litoral.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

d) As feiras e mercados interiores.

(Artigo 28.5 da lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia)

### **R3. Sinala a resposta incorrecta, referida á discriminación na Lei para a igualdade efectiva de homes e mulleres:**

- a) Distingue entre discriminación directa e indirecta
- b) Considera discriminatoria toda orde de discriminar, directa ou indirectamente, por razón de sexo.
- c) No acceso ao emprego, unha diferenza de trato por razón de sexo sempre constitúe discriminación
- d) Constitúe discriminación directa por razón de sexo todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade

**R4.** Os servizos seguintes deberán ser prestados por todos os concellos, dacordo co establecido no artigo 26 da Lei de Bases de Réxime Local:

- a) Parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.
- b) Alumeado público
- c) Instalacións deportivas de uso público
- d) Transporte colectivo urbano de viaxeiros.

### **EXAME PROBA PRÁCTICA (2 PUNTOS) MÁXIMO DÚAS CARILLAS**

O Concello de Fisterra vai organizar unha xornada aberta de actividade física para persoas adultas de todas as idades.

- A) Deseña unha sesión de actividade física xeral (60 minutos):
- Obxectivos da sesión.
  - Estrutura detallada: quecemento, parte principal, volta á calma.
  - Adaptacións para persoas con baixa condición física.
  - Principios básicos da condición física aplicados.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### SOLUCIÓN AO EXAME TIPO TEST

| PREGUNTA | Resposta Correcta |
|----------|-------------------|
| 1        | A                 |
| 2        | D                 |
| 3        | B                 |
| 4        | C                 |
| 5        | B                 |
| 6        | A                 |
| 7        | B                 |
| 8        | B                 |
| 9        | C                 |
| 10       | D                 |
| 11       | C                 |
| 12       | D                 |
| 13       | B                 |
| 14       | B                 |
| 15       | A                 |
| 16       | C                 |
| 17       | A                 |
| 18       | C                 |
| 19       | B                 |
| 20       | C                 |
| R1       | A                 |
| R2       | B                 |
| R3       | C                 |
| R4       | B                 |